





COSTA ÁRTABRA I

costa exterior de Ferrol

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2018



Distancia: 60 km (aprox), en coche máis pequenas camiñadas
Dificultade: baixa



Un percorrido moi completo para coñecer a costa exterior do concello de Ferrol, protexido nunha boa parte no LIC/ZEC "Costa Ártabra". Unha costa cun grande valor xeolóxico (variedade de rochas, formas costeiras rochosas e areosas), flora, fauna, paisaxe, historia e etnografía.


Pódese facer nunha xornada, con pequenas paradas, ou en varias, combinando desprazamentos en coche con camiñadas.

PERCORRIDO

Tomando Ferrol como punto de partida desprazámonos desde a saída da Malata ata o Cabo Prioriño onde podemos achegarnos ás dúas puntas (**Prioriño Grande e Pequeno**). Volvemos en dirección a Doniños e, desde Castro collemos un desvío que nos leva ao extremo norte da **praia de Doniños** e desde onde nos podemos achegar tamén á **Punta Penencia** e a pequena **praia de Lumbó**. Logo volvemos atrás e seguimos ata Doniños para ver a praia e a lagoa. Desde aquí seguimos en dirección á Vila da Area para achegarnos ao extremo sur da **praia de San Xurxo**. No camiño podemos facer un desvío (por pistas de terra) ata o **miradoiro das Illas Gabeiras**, na **punta Lavadoiro**; e a **enseada, a praia e o castro de Lobadiz**.

Volvemos pola estrada e desvíámonos cara a San Xurxo, ao outro extremo da praia e seguimos cara ao **cabo Prior** pasando polas pequenas praias de **Esmelle, A Fragata e O Vilar ou Covas**.

No Cabo Prior podemos achegarnos aos cantís en varios puntos: punta Xarrido, Cabo Prior (co faro), punta dos Cabalos... e volver ata a **praia de Santa Comba** (extremo oeste). Para achegarnos ao outro extremo volvemos ata A Pedreira e desvíámonos ata a praia, onde podemos ver tamén a **illa e capela de Santa Comba**. Logo continuamos ata **Sartaña** e a **praia de Ponzos**, onde remata a nosa viaxe e emprendemos a volta.




Portiño e praia de Lobadiz



Praia das Fontes e O Pedrouzo

COSTA EXTERIOR DE FERROL: puntos de interese





Cabo Prioriño Pequeno co faro



Cabo Prioriño

CABO PRIORIÑO. Pecha a entrada da Ría de Ferrol polo norte. Divídese en dúas puntas o Prioriño Grande e o Pequeno, onde está o antigo faro. A máxima altura acada arredor de 70 m. A costa está formada por cantís graníticos de media altura con pequenas praias. Nas proximidades atópase o porto exterior.



Vista desde o Cabo Prioriño Grande: illas Gabeiras, Punta do Castro e, ao fondo Cabo Prior



Praia Lumbó e cabo Prioriño



Punta Penencia



PRAIA DE DONIÑOS de 2 km de lonxitude. Accedese desde Outeiro ou Punta Penencia.



LAGOA DE DONIÑOS, de forma ovalada, cun largor máximo de 500 m, separada do mar por unha praia e un cordón de dunas fixadas pola vexetación. As augas están lixeiramente salinizadas por filtracións do mar.

Está considerada unha zona húmida con importancia nacional polas formacións vexetais acuáticas. As especies máis destacadas dentro da lagoa son a *Chara fragifera*, *Ceratophyllum demersum*, ouca (*Ranunculus aquatilis*), espigas de auga (*Potamogeton natans*, *P. perfoliatus* e *P. polygonifolius*), ambroiño de río (*Nymphaea alba*)... Nas beiras atópanse sobre todo xuncos, *cyperus*, carrizos, salgueiros e amieiras. Nas dunas e praias consérvase unha variada flora psamófila.

Nas marxes aniña a galiñola negra, o somorgullo pequeno, a galiña de río e o lavanco real. Durante a época invernal aumenta considerablemente a cantidade e variedade de aves (mariñas, anátidas e limícolas).



Praia e lagoa de Doniños



Punta do Castro de Lobadiz. Conserva a estrutura dun castro e desde ela hai espléndidas vistas panorámicas da costa.



MONTE DE SAN XURXO



Praia de Lobadiz



Castro de Lobadiz, praia e enseada de Lobadiz, punta Lavadoiro e illas Gabeiras



Punta Lavadoiro e illas Gabeiras



Os Guilleiros



Punta e illa Herbosa



Punta de San Xurxo desde a praia



Corvo mariño



PRAIA DE SAN XURXO

Ten un campo de dunas de máis de 2 km de lonxitude que en moitos sitios supera os 200 m de ancho con alturas de ata 12 m, e un mar de canaveiras de case un km de longo e uns 200 m de amplitude, rodeado de outras especies propias de medios húmidos, que alimenta e mantén a auga que achegan os regueiros do Xuncal, de San Xurxo, do Roxadoiro e de Suagraña que xuntos aínda conseguen atravesar a barreira que o mar lles quere impoñer e verten unha parte do seu caudal no océano.

Acolle unha importante flora e fauna con especies pouco comúns. Na praia crían as píl-laras papudas, limícolas en perigo de extinción. Nas proximidades, en Covas, houbo minas romanas para a extracción de cuarzo aurífero que foron explotadas tamén entre 1912 e 1914 por unha empresa francesa.



Campo de dunas e carregal



Praia de Esmelle



Pena Branca



Píl-lara das dunas, unha especie que cría na praia de San Xurxo

Entre a praia de San Xurxo e o cabo Prior hai unha sucesión de praias que se aprecian mellor coa marea baixa: Esmelle, O Vilar, A Fragata ou Porto Vello, coñecidas en conxunto como as praias de Covas.



Praia de San Xurxo e Cabo Prior: no primeiro plano as puntas Cela e Xarrido.

CABO PRIOR

Forma unha península entre as praias de Santa Comba e San Xurxo. Está formado por rochas graníticas erosionadas en forma de grandes bolos. Por todo o cabo hai restos de baterías militares. No século XIII houbo un centro baleeiro moi importante



Punto de observación no cabo Prior



Punta Soforno e illotes dos Cabalos



Faro do Cabo Prior, situado a 107 m sobre o nivel do mar, cun alcance de 22 millas mariñas.




Antirrhinum majus, unha planta que só se atopa nas praias desta zona e está en perigo de extinción.



PRAIA DE SANTA COMBA

De case 1 km de lonxitude. Nas súas áreas hai partículas de magnetita (de cor negra). Conserva un bo sistema dunar.



Punta e illa de Santa Comba



Praia das Fontes e illa de Santa Comba



Á illa de Santa Comba pódese acceder coa marea baixa. Conta a tradición que houbo un naufraxio e que os mariñeiros salváronse de morrer afogados grazas a que a Virxe lles ofreceu unha barca de pedra, que segundo os paisanos, consérvase nas costas da illa. Hai unha capela orixinaria do século XI en honor a Santa Comba.



O Pedrouzo



Praia de Sartaña



PRAIA DE PONZOS

De 1400 m de lonxitude. entrea as puntas Crebadoiro e Ferruxeda.



PRAIA DE PONZOS


Conserva un bo sistema dunar.

Nesta praia estivo instalado o lavadoiro das antigas explotacións mineiras que poden ser de orixe romana e foron explotadas a finais do século XIX e comezos do XX.

En 2009 descubriuse un bosque fósil que data de hai uns 5.600 anos e que quedou enterrado polo avance das dunas.

Só se pode ver en anos de moito temporal cando o mar arrastra a area da praia.

Unha boa parte é zona nudista.



Cardo mariño
(*Eryngium maritimum*)



Praia de Ponzos, coa punta Ferruxeda e monte da Vela ao fondo. O rego Morixosa marca o límite da costa de Ferrol.